

## RELATA AQUÍ A TÚA EXPERIENCIA

Primeiros minutos do 28 de febreiro do 2008. A miña vida, que normalmente se desenvolve nun 80% en castelán, vai trocar as porcentaxes cara ao galego. O meu primeiro uso lingüístico do día cruza a península por vía telefónica ata Barcelona, e xa neste momento, comprobo as connotacións que ten empregar unha lingua ou outra no referente imaxinario e sensibilidades compartidas. A miña interlocutora, a pesares de ser gran forofa do Barça, non puido reprimir un laio morriñento ao escoitar, non o galego, senón Galiza; escoitou á propia terra falar: a nai, o seu colexio, os anos de facultade e todo este botar de menos o que máis preto estaba. Decateime da retranca, “e logo?”, “ruliña”, estes xiros lingüísticos que a pesares de ser traducíbeis, non nos enganemos: sería como querer voltar prosa o verso.

Tras esta experiencia que non atopei nos libros, nos ensaios, ... senón no fluír propio da lingua, na oralidade (que penso que dista moito máis do que pensamos da escrita, aínda que cando aprendemos unha lingua nova teñamos a insistencia en primeiro velo sobre o papel), parece que o resto do día estaría cargado destas connotacións que talvez algúns só verían ao rematar esas 24 horas.

Pensas, pensas ás veces na teima das traducións, no “Vivamos como galegos!”, na globalización, na conquista espacial e ... todo isto interiorizado en galego! E claro, ten as súas peculiaridades, como as que teñen todos os idiomas do mundo, que deberían ser tan protexidos coma as nosas praias, flora e fauna. Extinguindo as linguas estamos extinguindo identidades, persoas.

Co teórico xa ben afianzado, a práctica foi que, transcorridos os primeiros minutos de conversa na residencia, na facultade, na cafetería, na biblioteca, ... o castelán namorábase do galego e flirteaba coas súas expresións máis enraizadas, enxebres, nosas. Penso que nese troco, os meus compañeiros e amigos tamén chegarán á mesma conclusión, que cada idioma é cada un de nós, que aportamos a nosa sensibilidade, sempre motivada por onde estamos, o que vivimos, a lonxevidade das pedras, os sons da natureza e a cor do ceo. E a chuvia, metaforicamente falando fai moita falla chuvia para moitas linguas cuns prexuízos arcaicos nunha era postmoderna.

Bárbara G. Vilariño